

Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual:

Publicista



Dentro do **mundo audiovisual** existe unha profesión fundamental para a publicidade, o comercio e a difusión da imaxe dunha empresa, asociación,... a publicista.

Este profesional dedícase a **deseñar** e a **difundir**, a **imaxe** dunha empresa, asociación, club deportivo, ou persoa que queira darse a coñecer ou vender os seus produtos ante o público. Dándolle así valor á imaxe que quere compartir. Esta imaxe tan persoal chámase **imaxe corporativa**.

Procúrase que a súa publicidade ou anuncio chegue ao maior número de persoas posibles e que lles **impresione** o que ven, que lles chame tanto a atención que queden con ela. Como pasa cos escudos dos clubs deportivos, cos logotipos dos coches, as marcas de xoguetes ou mesmo coas latas de conservas que creou o propio **Andy Warhol**.

Para logralo, os publicistas non só traballan coa imaxe, senón tamén cos textos, coa música, ... O mundo empresarial, e mesmo o deportivo, gasta moito diñeiro ao ano en publicidade, polo que son necesarias moitas persoas publicistas no mundo.

Dentro desta profesión non só é importante ser **persoas creativas**, tamén hai que saber comunicar dun xeito atraente.

Ti verías un anuncio moi aburrido por moito que che gustase o produto que anuncia? Compraría un xoguete que vén nunha caixa moi fea? Verdade que non? pois aí é onde radica o verdadeiro talento do ou da publicista: a mestura entre como diseña a publicidade e como a transmite, moi **relacionado co mundo da escritura**.

Hoxe en día os **avances dixitais** no campo audiovisual fan que sexa moito máis motivador o mundo da publicidade e enriquecen moito este formato.

Así que, mans á obra, animate a explorar esta profesión e a lle tirares o máximo partido posible aos teus anuncios.

Atribución dos recursos incorporados ao documento

Os símbolos pictográficos empregados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para [ARASAAC \(http://www.arasaac.org\)](http://www.arasaac.org), que os distribúe baixo [Licenza Creative Commons BY-NC-SA](#).



“Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual: publicista”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)